

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 2 DE XULLO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas e corenta e cinco minutos do día dos de xullo de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; don Augusto Rey Moreno, dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM

Polo Sr. alcalde dáse lectura á Resolución da Alcaldía núm. 1140/2015, do 1 de xullo de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Visto que polo concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación deuse traslado a esta Alcaldía dunha proposta de declaración institucional co fin de que a Corporación municipal poida amosar o seu apoio para conseguir a liberdade condicional e a transferencia do veciño de Cambre preso en Perú don Rafael Rodríguez Añón á maior brevidade posible.

Visto que polo mesmo concelleiro delegado deuse traslado a esta Alcaldía doutra proposta de declaración institucional co fin de que a Corporación solicite a continuidade da oferta educativa da EEI Fonte Moura na parroquia de Santa M^a de Vigo, de cara ao vindeiro curso escolar 2015-2016 e seguintes, isto ante a preocupación das familias afectadas polas noticias de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere pechala.

Visto que pola Secretaría municipal deuse conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Administración Local, respecto da adhesión ao convenio marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia, solicitando que se remita a documentación esixida na cláusula duodécima antes do vindeiro 6 de xullo.

Visto que no día de onte na Alcaldía municipal mantiven unha reunión cos voceiros de todos os grupos municipais na que se tratou a necesidade ou non de constituír a Xunta de Voceiros como órgano complementario do Concello de Cambre, concluíndo os presentes que sería procedente a constitución do citado órgano e a modificación do Regulamento orgánico municipal en canto ás súas funcións e funcionamento.

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 95 e 97 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro: Convocar sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación para o día 2 de xullo de 2015, ás 19:45 horas, coa seguinte orde do día:

1º Pronunciamento do pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM

2º Declaración institucional solicitando ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, a través dos servizos consulares, a súa mediación para conseguir a liberdade condicional e a transferencia do veciño de Cambre preso en Perú don Rafael Rodríguez Añón

3º Declaración institucional do Concello de Cambre solicitando a continuidade da oferta educativa da EEI Fonte Moura na parroquia de Santa Mª de Vigo, de cara ao vindeiro curso escolar 2015-2016 e seguintes

4º Proposta de adhesión do Concello de Cambre ao convenio marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia

5º Proposta de Alcaldía para constituír como órgano complementario a Xunta de Voceiros”

O Sr. alcalde propón aos presentes que, de conformidade co establecido no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril e artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal, en relación coa convocatoria de sesións extraordinarias e urxentes, se pronuncien respecto da urxencia da convocatoria e dos asuntos a tratar.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que antes de votar a urxencia quería facer unha salvidade, porque ben é verdade que este pleno convocouse hoxe ás 15:00 horas e loxicamente teñen que votar a urxencia, e entende que as declaracións institucionais poden ser máis ou menos urxentes, así o cre o grupo do PP. En canto á proposta de adhesión ao convenio marco coa Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia gustaríalle saber en que data entrou no concello para ter que declaralo urxente. E o que non lle parece urxente é o quinto punto, o da proposta da Alcaldía para constituír como órgano complementario a Xunta de Voceiros. Polo tanto, di que el pediría votar a urxencia dos primeiros catro puntos, pero non do último, votar punto a punto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para contestar que o escrito do convenio entrou no concello o 25 de xuño do 2015 e ten que estar presentado antes do 6 de xullo deste ano, por iso a urxencia da proposta de adhesión do Concello de Cambre ao convenio marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia.

Respecto do órgano da Xunta de Voceiros di que tiveron antonte unha reunión cos voceiros e cre que quedaron precisamente no que se transcribe na proposta, nos acordos que se din. Se non se aproba, entón queda sen constituír a Xunta de Voceiros. De todas formas, di que vai presentar a voto a urxencia das cinco propostas.

Don Manuel Rivas Caridad contesta que de acordo, que pola súa parte nada máis.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol da urxencia os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's), e abstéñense os seis concelleiros do PP.

A Corporación, por quince votos a prol, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM.

2. Declaración institucional solicitando ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, a través dos servizos consulares, a súa mediación para conseguir a liberdade condicional e a transferencia do veciño de Cambre preso en Perú don Rafael Rodríguez Añón

O Sr. alcalde explica que non tendo ningunha resposta por parte dos grupos políticos, agás da representante da ACdC-SON que cre que si respondeu, a el non lle consta que o resto dos grupos políticos contestasen respecto desta declaración institucional, polo que entende que neste caso todos están de acordo en que se aprobe como declaración institucional.

Consta do seguinte teor literal:

“Con data de 23 de marzo de 2015 recibimos información de que o veciño de Cambre don Rafael Rodríguez Añón atópase preso no cárcere de Piedras Gordas Ancón I en Lima, Perú.

Desde o ámbito familiar do preso, comunícasenos que don Rafael Rodríguez Añón demanda axuda urxente por atoparse nunha situación de indefensión, xa que non recibe información da súa situación xurídica nin da súa solicitude de liberdade condicional.

Tras conversa telefónica mantida co preso, comenta que está sentenciado a unha pena privativa da liberdade de sete anos, que xa leva seis anos cumpridos e que polo tanto, debería de estar fora en liberdade condicional. Preguntado de si ten coñecemento sobre o porqué da tardanza na súa liberación, comenta que supón que se deberá polos seguintes motivos: non ter a ninguén que o represente fora da prisión (comenta que dous avogados o estafaron e lle levaron máis de 3000,00 euros enviados pola súa nai); non ter cartos para mover os papeis e non ter un enderezo de residencia no país e un traballo ata que expire a liberdade condicional.

A maiores Rafael indica que se atopa gravemente enfermo dende hai dous anos, e quíxase de que non recibe o tratamento axeitado. Asegura que perdeu trinta quilos de peso e non sabe canto máis poderá aguantar.

A familia de Rafael está a vivir unha situación moi angustiada desde o punto de vista dos dereitos humanos. Conforme aos tratados internacionais sobre o traslado de presos e as leis que velan polo cumprimento das penas privativas de liberdade e os requisitos para acceder a liberdade condicional, o preso, e veciño de Cambre, don Rafael Rodríguez Añón xa hai tempo que debería de estar fora da prisión e máis atendo á súa enfermidade. A día de hoxe está inxustamente preso; e cunha enfermidade grave.

Esta situación está agravando e deteriorando o seu estado físico e aumentando a inquietude dos seus familiares e achegados. Se lle están negando os dereitos que ten como persoa e como preso. O tratamento e seguimento da enfermidade que sofre Rafael, é incompatible coa súa dignidade e co seu mantemento en prisión polas seguintes razóns: os tratamentos non están a dar resultados e a enfermidade estase agravando e as condicións hixiénicas e nutricionais non son as máis axeitadas. As normas, principios xurídicos e reivindicacións a favor dos dereitos humanos, tanto internacionais como do estado español, declaran a necesidade de respectar os dereitos das persoas presas no estranxeiro e/ou enfermas.

Neste caso concreto, existe un tratado bilateral entre o Reino de España e a República do Perú sobre a Transferencia de persoas sentenciadas a penas privativas da liberdade e medidas de seguridade privativas da liberdade, publicado no BOE nº 186 do 5 de agosto de 1987. Así no seu artigo 1, apartado 2, sanciona o seguinte: “As sentencias a penas privativas de liberdade, impostas pola República do Perú a nacionais españois, poderán ser cumpridas en establecementos penais do Reino de España ou baixo a vixilancia das súas autoridades”.

Por todo o anterior, e debido á imposibilidade material de realizar un mínimo seguimento do caso desde Servizos Sociais, solicitouse dende este departamento ó señor Alcalde que iniciara contactos co Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación para informar sobre a situación deste veciño de Cambre. O Alcalde de Cambre contactou en dúas ocasións coas oficinas consulares para interesarse sobre as xestións que se están a levar a cabo para intentar o máximo benestar dun cidadán español, e sobre todo, velar polo cumprimento dos seus dereitos e que se apliquen no seu caso as instrucións marcadas para as oficinas consulares a través da Orden circular número 3252 de 15 de xullo de 2003, sobre españois detidos e presos no estranxeiro.

Iniciados os contactos coas oficinas consulares, e tendo en conta a situación do veciño de Cambre don Rafael Rodríguez Añón, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Este Concello quere expresar a súa preocupación ante a situación de urxencia e gravidade do preso enfermo don Rafael Rodríguez Añón. Ao mesmo tempo insta ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación e máis en concreto ás oficinas consulares a que realice cantas xestións estean na súa man para que este veciño de Cambre recobre a liberdade, ou pola contra, que realice as xestións oportunas para iniciar o traslado urxente por motivos humanitarios a territorio español para que cumpra en España o que lle reste de condena.

Segundo: Este Concello, tendo en conta as leis internacionais e españolas, pide a liberdade condicional para este preso español enfermo, para que reciba os tratamentos de saúde necesarios nas mellores condicións; e que esta situación non supoña unha condena engadida para el e os seus familiares. Solicítase ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación que realice cantas xestións estean na súa man para conseguir que este veciño de Cambre reciba o tratamento adecuado para a súa enfermidade, e para que se revise o estado da súa condena proporcionándolle asesoramento legal sobre o terreo.

Terceiro: Dar traslado do contido da presente declaración institucional e dos acordos acadados ao Ministerio de Asuntos Exteriores e ás oficinas consulares, a tódolos axentes sociais que poidan implicarse neste caso, así como aos medios de comunicación.”

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, amosa a súa conformidade coa declaración presentada.

3. Declaración institucional do Concello de Cambre solicitando a continuidade da oferta educativa da EEI Fonte Moura na parroquia de Santa M^a de Vigo, de cara ao vindeiro curso escolar 2015-2016 e seguintes

Consta do seguinte teor literal:

“No Concello de Cambre hai a día de hoxe en funcionamento tres escolas de educación infantil (de 2º ciclo) nas parroquias máis rurais; a de Apeadeiro en Cecebre, a de Pravio e a de Fonte Moura en Santa M^a de Vigo, con nenos e nenas cursando 4º, 5º e 6º de educación infantil. Cabe lembrar que nos últimos anos pecharon a de Aián e a de Bribes.

A escola de Fonte Moura, concretamente, leva moitos anos en funcionamento e de cara ao vindeiro curso escolar 2015-2016 hai noticias de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere pechala aducindo que hai unicamente 4 alumnos que queren continuar matriculados nela.

Fronte á decisión unilateral da Consellería de Educación, o Goberno municipal quere facer constar o seguinte:

- A data de hoxe temos constancia de que hai tres alumnos/as de tres anos e un de catro que queren continuar escolarizados nesta escola de educación infantil de cara ao vindeiro curso escolar 2015-2016. A normativa actualmente en vigor acota a ratio máxima de alumnos/as por centro, non obstante, nada di o decreto do número mínimo; que se determina anualmente e arbitrariamente por parte da Consellería.
- Con data 23 de marzo de 2015, unha veciña de Cambre presenta no rexistro de entrada do Concello co nº 3/635, unha solicitude achegando un escrito remitido por ela mesma á Consellería de Educación no que solicita que lles sexan admitidas as solicitudes de catro nenos e nenas para cursar primeiro de educación primaria para o vindeiro curso 2015-2016. No portal educativo da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria consta como oferta educativa deste centro, a etapa de Educación Infantil e Educación Primaria, polo que de impartir Primaria, eses catro nenos e nenas poderían cursar os seus estudos na escola Fonte Moura; ademais dos oito nenos e nenas que non poden seguir cursando estudos neste centro por non ofertar esta etapa formativa.
- Esta situación de falta de alumnado é conxuntural. Na parroquia de Santa M^a de Vigo, segundo a pirámide de poboación de Cambre, hai empadroados nenos e nenas en idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos, polo que nos seguintes cursos escolares pode haber novas solicitudes de praza de matrícula escolar. Ademais, podería servir de “escola-comodín” no caso de haber máis solicitudes que prazas noutras escolas ou CEIPs do municipio; xa o fixo no curso escolar 2012-2013 e seguintes co alumnado de 3 anos que lles correspondía ao CEIP Graxal e non tiveron praza nese centro.
- Hai que ter en conta tamén que entre as competencias que os concellos teñen atribuídas por lei, está segundo consta no apartado oito do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as seguintes:

O municipio exercerá **en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:**

n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.”

O Concello de Cambre cumpriu co seu cometido. Queremos lembrar as obras de mantemento e acondicionamento que se fixeron no verán do ano 2012 como a renovación integral da escola, tendo en conta que nela íanse matricular os nenos e nenas que non podían ser matriculados no CEIP do Graxal e que foron derivados a esta; traballos como o cambio da pavimentación do chan da aula, cambiar o peche do recinto escolar, instalación de alarma de seguridade, pintar o exterior do edificio, arranxar os baños...

Ademais destas obras e do mantemento permanente das instalacións (reparacións puntuais), o Concello de Cambre ten asumido o servizo de limpeza da escola, o de mantemento da zona axardinada, o da subministración de luz e de auga, o mantemento anual da alarma, a desratización e demais servizos complementarios e necesarios para facer un bo mantemento das instalacións.

O grande esforzo que o concello fixo no verán do ano 2012 e 2013 para renovar a escola e o que leva facendo dende hai anos ata hoxe en día, o fai coa expectativa de que a escola siga en funcionamento durante moitos anos máis.

- E por último, resaltar o que a LOMCE (Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) no seu Preámbulo establece: **“O alumnado é o centro e a razón de ser da educación. A aprendizaxe na escola debe ir dirixida a formar persoas autónomas, críticas, con pensamento propio. Todos os alumnos e alumnas teñen un sono, todas as persoas novas teñen talento. A nosa xente e os seus talentos son o máis valioso que temos como país. Por iso, todos e cada un dos alumnos e alumnas serán obxecto dunha atención, na busca do desenvolvemento do talento, que converta a educación no principal instrumento de mobilidade social, axude a superar barreiras económicas e sociais e cree aspiracións e ambicións realizables para todos.”** Tendo isto en conta, dámonos conta da importancia que ten o alumnado na educación, independentemente do número de alumnos cos que a escola conte.
- Fora do ámbito estritamente educativo, hai que salientar o compromiso do tecido asociativo da parroquia en defensa do mantemento da actividade educativa na escola. A escola infantil Fonte Moura está emprazada nun enclave privilexiado, dá soporte a unha concepción da educación e de vida no rural nunha opción individualizada, persoal e familiar; e algo non menos importante, constitúe un símbolo na parroquia de Santa María de Vigo. Foron os propios veciños e veciñas da parroquia os que levantaron a escola; os mesmos veciños e veciñas que agora din: “Se nos quitan a escola, xa no nos queda nada” .

Por todo o anterior, o Goberno municipal propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se manteña aberta a escola de educación infantil Fonte Moura da parroquia de Santa M^a de Vigo de cara ao vindeiro curso escolar 2015-2016 e seguintes para garantir a escolaridade nela dos nenos da parroquia de Santa María de Vigo en particular, e por extensión dos do resto do concello que o soliciten.

Segundo: Manter cos diferentes estamentos educativos e a todos os niveis, cantas xuntanzas sexan precisas a fin de acadar o obxectivo proposto.

Terceiro: Dar conta do contido desta declaración e dos acordos acadados á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e aos Grupos Políticos con representación no Parlamento de Galicia.”

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, amosa a súa conformidade coa declaración.

O Sr. alcalde expón que darán traslado desta declaración institucional e anuncia que non vai ser a única iniciativa que van tomar respecto disto, ademais agardan contar con todos os grupos políticos no resto das iniciativas que tomarán a partir da semana que vén.

Tamén dá as grazas aos compañeiros que levan o tema de Benestar Social por estas dúas iniciativas.

4. Proposta de adhesión do Concello de Cambre ao convenio marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia

Vista a proposta da Alcaldía do día 1 de xullo de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“No BOE do 5 de xullo de 2007, publicouse o convenio marco asinado entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia; cunha duración inicial de catro anos e unha prórroga doutros catro, a súa vixencia remata o 4 de xullo de 2015.

O Pleno da Corporación, en sesión de data 30 de outubro de 2008, acordou solicitar a súa adhesión, prestando o servizo denominado: **oficinas de contacto**, consistente na prestación de servizos de recepción, rexistro e remisión de comunicacións dos cidadáns á administración pública, publicándose a correspondente Resolución no Diario Oficial de Galicia número 78 de 23 de abril de 2009.

Os compromisos adquiridos en virtude da adhesión foron:

- a) Configurar os seus rexistros como oficinas de contacto, admitindo a presentación nelas de calquera solicitude, escrito ou comunicación dirixido aos órganos da administración xeral do Estado e da administración da Xunta de Galicia ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de aquelas, con independencia da súa localización territorial.
- b) Deixar constancia nos seus rexistros da entrada das citadas solicitudes, escritos e comunicacións, con indicación nos seus asentos do seu número, epígrafe expresivo da súa natureza, data de entrada, a data e hora da súa presentación, interesado ou órgano administrativo remitente, persoa ou órgano administrativo ao que se dirixe, así como unha referencia ao contido do escrito ou comunicación que se rexistra.
- c) Remitir inmediatamente os documentos, unha vez rexistrados, e en todo caso dentro dos tres días seguintes ao da súa recepción, directamente aos órganos ou entidades destinatarios deles. A dita remisión efectuarase polos medios máis apropiados para que a súa recepción se produza coa maior brevidade posible, con especial utilización de medios informáticos, electrónicos e telemáticos nos supostos en que sexa posible.

Con data do día 25 de xuño de 2015 rexistrouse de entrada ao número 0/5973, o escrito procedente da Dirección Xeral de Administración Local, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no que se informa que esta semana, a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia teñen previsto asinar o novo convenio marco coa fin de darlle continuidade á prestación dos servizos ofrecidos a través da rede de oficinas integradas de atención á cidadanía. Igualmente, ese novo convenio marco ten previsto incorporar, mediante adhesión, as entidades locais que expresamente o soliciten.

Achegan documentación para que o Concello, **antes do 6 de xullo**, poida realizar os trámites para a adhesión.

Como novidade respecto do convenio anterior, ademais de rexistrar as solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos a:

- os órganos da Administración Xeral do Estado e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela, con independencia da súa localización territorial.
- os órganos da Administración das Comunidades Autónomas de Galicia e das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela, con independencia da súa localización territorial.

tamén se rexistrarán os dirixidos a:

os órganos da Administración das Deputacións provinciais, aos concellos dos municipios aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (municipios cuxa poboación supere os 250.000 habitantes; municipios capitais de provincia cuxa poboación sexa superior aos 175.000 habitantes; os municipios que sexan capitais de provincia, capitais autonómicas ou sedes das institucións autonómicas, municipios cuxa poboación supere os 75.000 habitantes, que presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais), e ás entidades locais adheridas ao convenio marco, do ámbito territorial de Galicia.

Respecto do rexistro de escritos e comunicacións dirixidos á Comunidade Autónoma, este Concello ven a prestar o servizo dende 1997 co que se coñece como "proxecto portelo único".

Respecto da Deputación provincial da Coruña, xa existe formalizado o convenio para a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Cambre dos escritos e comunicacións dirixidos ao citado organismo dende o ano 2005.

A alínea 4ª da cláusula cuarta do convenio reflicte os mesmos compromisos que xa figuraban no anterior.

Na cláusula novena non se considera a existencia de gastos que requiran o establecemento dun sistema de financiamento, de tal xeito que cada Administración interveniente asumirá cos seus propios medios as accións a emprender en cumprimento do convenio.

Respecto dos efectos do convenio, a cláusula décima establece que o convenio se publicará no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, surtindo efectos dende a data da súa sinatura, sendo o período de vixencia ata o 31 de decembro do ano 2020, podendo prorrogarse de forma expresa por ambas partes por períodos de 4 anos.

Respecto da vixencia e extensión das adhesións, a cláusula undécima establece que as obrigas asumidas entre as administracións intervenientes e as entidades locais que se adhiran ao convenio marco se entenderán vixentes dende a publicación de cada adhesión no Diario Oficial ata a extinción do convenio marco polo transcurso dos prazos ou pola concorrencia das circunstancias previstas na cláusula décima efectos do convenio. Malia o anterior, a adhesión de cada entidade local quedará sen efecto por denuncia expresa realizada por escrito e comunicada á Comisión de Seguimento cunha antelación mínima de tres meses á data na que se pretende que teña eficacia, por mutuo acordo entre a citada entidade e as administracións intervenientes, ou por decisión unilateral de algunha delas, cando se produza por outra un incumprimento grave acreditado das obrigas asumidas.

Considerando que o convenio formalizado no seu día supuxo un paso importante para achegar a Administración Xeral do Estado ao cidadán, servizo que se ven a prestar polo Concello de Cambre ante a Xunta de Galicia a través do "portelo único" e ante a Deputación provincial da Coruña, e que a adhesión ao presente convenio supón ampliación del.

Tendo en conta o establecido na cláusula duodécima respecto do procedemento de adhesión e documentación a remitir, formulo ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

Solicitar a adhesión do Concello de Cambre ao convenio marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia (que se publicará no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia) para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia, concretamente para prestar o servizo de oficinas integradas de atención ao cidadán, categoría de oficinas de contacto, asumindo as obrigas derivadas del e con suxeición a todas as súas cláusulas."

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5. Proposta de Alcaldía para constituír como órgano complementario a Xunta de Voceiros

Vista a proposta da Alcaldía do día 1 de xullo de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“O artigo 20.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece as regras ás que debe responder a organización municipal.

A alínea 3 do citado artigo establece que os propios municipios, nos regulamentos orgánicos, poderán establecer e regular outros órganos complementarios, de conformidade co previsto no citado artigo e nas leis das Comunidades Autónomas.

Neste mesmo sentido o artigo 59.2 d) in fine da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia establece que poderán complementar a organización municipal calquera outro órgano establecido polo concello e regulado no seu Regulamento orgánico.

O artigo 75 do Regulamento orgánico municipal recolle entre os órganos complementarios a Xunta de Voceiros, regulada nos artigos 89 a 91 e 143 e 144 da citada norma.

Os artigos 90 e 91 do Regulamento orgánico municipal establecen que poderá constituírse a proposta do alcalde-presidente, mediante acordo adoptado para o efecto polo Pleno da Corporación, por maioría simple.

No acordo do pleno de organización poderá determinarse a periodicidade das sesións con carácter obrigatorio, establecéndose, no seu caso, horas e días.

Na reunión mantida no día de onte cos voceiros dos grupos municipais, por parte desta Alcaldía expúxose a intención de non constituír a Xunta de Voceiros dado que, como se viu durante a anterior lexislatura, o único que servía era para informar que asuntos se ían incluír na orde do día das comisións informativas e pleno.

Segundo se informou aos voceiros, para cumprir coa esixencia do lexislador estatal (Lei 7/1985, do 2 de abril) e lexislador autonómico (Lei 5/1997, do 22 de xullo) as comisións informativas convocaranse para o mércores da semana anterior a aquela en que deba celebrarse o pleno ordinario (último mércores de mes), polo que a celebración dunha xunta de voceiros para informar dos asuntos a incluír na orde do día da convocatoria do pleno xa non ten sentido, dado que os asuntos a incluír xa terían sido ditaminados previamente, polo que todos os concelleiros deben ter coñecemento deles.

Por parte desta Alcaldía considérase que sería máis operativo e máis conveniente en interese dos veciños que, unha vez debatidos e ditaminados os asuntos nas sesións ordinarias das comisións informativas, e levantada a sesión, tanto o equipo de goberno como os demais grupos que compoñen a Corporación poidan poñer en común e debater aqueles temas de interese municipal que estimen oportuno, co fin de acadar un consenso nas decisións que se poidan adoptar no futuro, e que substituiría á sesión ordinaria da xunta de voceiros.

Non obstante, a Alcaldía podería convocar a xunta de voceiros con carácter extraordinario cando o considere oportuno nas funcións que lle son atribuídas polo artigo 89.2 b) do ROM, é dicir, “Asistir e asesorar ao alcalde en asuntos concretos de interese xeral, cando o considere necesario”, pero sen que sexa obrigatorio convocar sesión ordinaria para “Informar sobre a orde do día antes da resolución do alcalde” segundo establece o artigo 89.2 a), dado que, como vimos, os asuntos a incluír na orde do día xa terían sido ditaminados previamente polas comisións informativas.

Agora ben, para non estar obrigado a convocar sesión ordinaria, resulta necesario modificar o ROM seguindo o procedemento legalmente establecido que, en todo caso, e tendo en conta a necesidade de exposición ao público por 30 días, se alongará en dous meses como mínimo.

Así pois, e en virtude do exposto, esta Alcaldía pretende levar a cabo a constitución da Xunta de Voceiros para que poida ser convocada con carácter extraordinario cando considere necesario o asesoramento previo nun asunto ou asuntos concretos de interese xeral, ou cando o considere necesario, pero sen fixar periodicidade para a celebración de sesións ordinarias.

En virtude do exposto, propono á Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Constituír, como órgano complementario do Concello de Cambre, a Xunta de Voceiros, co fin de que asista e asesore ao alcalde en asuntos concretos de interese xeral, cando o considere necesario, e que estará integrada polo alcalde, que a presidirá, ou concelleiro no que delegue, e polos voceiros ou suplentes dos grupos municipais constituídos.”

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vai votar en contra, e vai facelo porque na reunión que tiveron este martes pasado, precisamente debido ao troco que houbo no artigo 91 do Regulamento orgánico municipal, que foi modificado na Corporación anterior, porque tiñan a maioría para facelo e cambiaron precisamente ese punto, a el cónstalle que no que quedaron nesa reunión é en que continuarían coa Xunta de Voceiros ata que fora cambiado ese artigo do ROM.

Hoxe o Sr. alcalde tráelles isto para que o aproben con urxencia, porque saben que coa exposición ao público por trinta días, máis o cambio e traelo a pleno para a súa aprobación, demoraría dous meses. Polo tanto, el cre que ese foi o acordo que se tomou na reunión hai dous días, e así o van manifestar. O seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdeC-SON, manifesta que dende o seu grupo pensan que aínda que as comisións informativas van ter unha maior dotación de contido, non poden prescindir dun órgano coordinador como é a xunta de voceiros, a cal ten por obxecto asesorar en temas xerais. As comisións informativas son órganos consultores, pero onde non se consultan temas máis aló da área que representan e, polo tanto, cunha visión nesgada e interesada nos seus propios temas. Por isto consideran que este punto ten que ser sometido a negociacións en xunta de voceiros e, polo tanto, apartalo da orde do día do presente pleno, se non o seu posicionamento será en contra, en prol de manter esta xunta no estado no que está, coas convocatorias ordinarias que se recollen no ROM.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo pensan que esta moción debería ser retirada ou senón, o seu voto será desfavorable.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que en principio o texto do punto da orde do día é moi claro. A proposta da Alcaldía é para constituír como órgano complementario a xunta de voceiros, co cal estase constituíndo a xunta de voceiros, será posteriormente cando haxa que modificar o Regulamento orgánico municipal para ver que se fai con ela. Nese sentido cren que nestes momentos non corre perigo a xunta de voceiros e haberá que debater no ámbito dunha discusión futura a súa necesidade ou non, por iso o seu grupo vai apoiar a proposta.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo acordou xa na reunión que estaban a prol, polo tanto, seguen na mesma posición e están a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el simplemente quere aclarar que, efectivamente, na xunta de voceiros que tiveron o outro día quedaron niso, en modificar o artigo 91 do ROM e, ata que se modificara, a xunta de voceiros constituíríase e sería permanente, pero na proposta que lles fai o Sr. alcalde non pon iso. O que pon é que en virtude do exposto a Alcaldía pretende levar a cabo a constitución da xunta de voceiros para que poida ser convocada con carácter extraordinario cando considere necesario.

Conclúe dicindo que iso non foi no que se quedou o outro día na reunión, quedouse en que fora permanente ata que se cambiara o artigo 91 do ROM, por iso o seu voto vai ser en contra a menos que se decida sacar isto da orde do día e discutilo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que tal e como estaban as xuntas de voceiros, ata agora eran o xoves da semana anterior á do pleno. O último xoves eran os plenos, e os martes da mesma semana eran as comisións informativas, polo tanto tiña unha razón de ser a xunta de voceiros, porque era antes das comisións informativas. Agora a comisión informativa é unha semana antes que o pleno e, polo tanto, vanse ditaminar os asuntos que

van ir ao pleno antes da convocatoria do propio pleno. Por iso, eles pensan que non ten sentido a xunta de voceiros de carácter ordinario, agora ben, aínda tendo acordo suficiente como para levar a cabo esta proposta, di que el persoalmente decide retiralo e debatelo con todos os grupos para chegar a acordos, se pode ser, de forma maioritaria. Conclúe dicindo que se retira da orde do día.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia